

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 13 DE AGOSTO DE 2019

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día trece de agosto de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde en funcións don Juan González Leirós, réunese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Daniel Mallo Castro e dona Maria Dolores Pan Lesta.

Non asisten con escusa don Óscar A. Garcia Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e don Diego Alcantarilla Rei.

Ao non cumprirse co requisito da maioría absoluta, queda constituída a Xunta de Goberno Local en segunda convocatoria, ás dez horas, coa asistencia dos membros reseñados anteriormente.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 6 de agosto de 2019**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 6 de agosto de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Daniel Mallo Castro e dona Maria Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

### **2º.- Boletíns e correspondencia**

- Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 149, do 7 de agosto de 2019).

- Resolución do 29 de xullo de 2019, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 18 de marzo de 2019 (Diario Oficial de Galicia número 645, do 3 de abril) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupación de concellos. Figura o Concello de Cambre, cun importe de 1.878,35 euros (Diario Oficial de Galicia número 149, do 7 de agosto de 2019).



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

- Resolución do 31 de xullo de 2019, da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 26 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura que promovan a igualdade entre homes e mulleres e/ou a loita contra a violencia de xénero nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (código de procedemento CT236B). Figura o Concello de Cambre, cunha cantidade de 3.884,59 euros para as bibliotecas públicas municipais central de Cambre, Os Templarios e Xabier P. Docampo da Barcala. (Diario Oficial de Galicia número 150, do 8 de agosto de 2019).
- Orde do 24 de xullo de 2019, da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se establecen as bases do Premio á innovación bibliotecaria de Galicia e se convoca para o ano 2019 (código de procedemento CT237A). (Diario Oficial de Galicia número 150, do 8 de agosto de 2019).
- Orde do 6 de agosto de 2019, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2019 das axudas para estudos e investimentos vinculados á conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na Rede de reservas da biosfera de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento MT724A). (Diario Oficial de Galicia número 151, do 9 de agosto de 2019).

### 3º.- Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 2 ao 8 de agosto do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1575/2019 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 1647/2019, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1575/2019	02-08-2019	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 6 de agosto de 2019
1576/2019	02-08-2019	Conceder a axuda recibos de luz por importe total de 71 euros a LBFF
1577/2019	02-08-2019	Conceder a axuda aluguer a VLGS por importe de 245 euros
1578/2019	02-08-2019	Conceder a axuda recibo de luz por importe de 67,64 euros e recibo de gas por importe de 35,13 euros a MJBB
1579/2019	02-08-2019	CM : Rock in Cambre : Impresión camisetas, pulseiras, etc.
1580/2019	02-08-2019	CM : Rock in Cambre : limpeza concello
1581/2019	02-08-2019	CM : Rock in Cambre : La Opinión
1582/2019	02-08-2019	CM : Rock in Cambre : pegada de carteis



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1583/2019	02-08-2019	Denegar a axuda recibo auga a FPP por existir avalista no contrato de aluguer
1584/2019	02-08-2019	Denegar a axuda aluguer a JMALpor ocultación ou falsedade dos datos subministrados
1585/2019	02-08-2019	Novas solicitudes para uso dos locais de ensaio musical 2019 - II
1586/2019	02-08-2019	Conceder as autorizacións para o exercicio da venda ambulante durante a celebración do Rock in Cambre 2019
1587/2019	02-08-2019	Curso Monitor de actividades de tempo Libre. Programa Trans-Fórmate 2019
1588/2019	02-08-2019	Aprobación de estruturas móbiles para o Rock in Cambre 2019
1589/2019	02-08-2019	Autorización apertura da urna central sinalada co número 66, letra A, no cemiterio municipal de Cambre
1590/2019	02-08-2019	CM : Rock in Cambre : Servizo catering voluntarios
1591/2019	02-08-2019	CM : Rock in Cambre : Baleirado WC's químicos
1592/2019	02-08-2019	Apertura urna 106 C cemiterio municipal finada JCR
1593/2019	02-08-2019	CM : Rock in Cambre : limpeza WC's portátiles
1594/2019	02-08-2019	CM : Rock in Cambre : Obradoiro de batería
1595/2019	02-08-2019	CM : Rock : Actividades complementarias : L Louro
1596/2019	02-08-2019	CM : Rock in Cambre : Servizos fotográficos
1597/2019	02-08-2019	CM : Rock in Cambre : Plastifi paneis exposición
1598/2019	02-08-2019	Autorización apertura urna central 28 C para inhumación cadáver MMP
1599/2019	02-08-2019	Comunicación previa de actividade para servizos de catering para eventos privados no pazo de Brexo, no lugar da Pagueira, parroquia de Brexo
1600/2019	02-08-2019	Conceder a licenza de vao permanente para o local destinado a almacén de material para eventos infantís situado na rúa Constitución, Temple. Solicitante: MCDL
1601/2019	05-08-2019	Cobro da 4ª quenda (do 19 ao 30 de agosto) dos campamentos urbanos de verán 2019
1602/2019	05-08-2019	Conceder o permiso para a ocupación de 13m <sup>2</sup> da vía pública cunha terraza durante o mes de xullo de 2019 fronte ao local Amodiño sito na rúa Párroco M. Cobas, parroquia do Temple. Solicitante: JATM
1603/2019	05-08-2019	Conceder o permiso para a ocupación de 33m <sup>2</sup> da vía pública cunha terraza ampliando a existente durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2019 fronte ao local La Bohemia sito na praza de Manuel Murguía, parroquia do Temple. Solicitante: NyR, CB
1604/2019	05-08-2019	Conceder o permiso para a ocupación de 26 m <sup>2</sup> da vía pública cunha terraza durante o segundo semestre do ano 2019 fronte ao local El boulevard de los sueños sito no Paseo dos Templarios, parroquia do Temple. Solicitante: MILF
1605/2019	05-08-2019	Conceder o permiso para a ocupación de 52 m <sup>2</sup> da vía pública



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		cunha terraza durante o mes de xullo de 2019 fronte ao bar Garimbas sito no Paseo Marítimo, parroquia do Temple. Solicitante: RPFAL
1606/2019	05-08-2019	Conceder a licenza para a ocupación de 5m <sup>2</sup> da vía pública cunha terraza durante o segundo semestre do ano 2019 fronte ao local Septiembre situado na rúa Temple, parroquia do Temple. Solicitante: SDV
1607/2019	05-08-2019	Concesión administrativa e apertura de urna no cemiterio municipal de Cambre co fin de inhumar o cadáver de dona MJIR, falecida o día 5 de abril de 2019. Expediente TEDEC: 2019/G003/000708
1608/2019	05-08-2019	Conceder o permiso para a ocupación de 23 m <sup>2</sup> da vía pública cunha terraza durante o mes de xullo de 2019 fronte ao café bar Jaleo sito na rúa Anxel Fole, parroquia do Temple. Solicitante: SCL
1609/2019	05-08-2019	Conceder a permiso para a ocupación de 20 m <sup>2</sup> da vía pública cunha terraza durante o segundo semestre do ano 2019 fronte ao local Tapeteo sito na rúa Polígono, Temple. Solicitante: MRRC
1610/2019	05-08-2019	Expediente de ampliación de crédito número 1/2019. Préstamos ao persoal
1611/2019	05-08-2019	Conceder o permiso para a ocupación de 17 m <sup>2</sup> da vía pública cunha terraza durante o segundo semestre do ano 2019 fronte ao local Coffee pub sito no Paseo Marítimo, O Temple. Solicitante: YHD
1612/2019	06-08-2019	Conceder o permiso para a ocupación de 10 m <sup>2</sup> da vía pública ampliando a terraza do Moma bar situado na rúa Tapia, durante o meses de xullo e agosto de 2019 e ocupando o local contiguo. Solicitante: CLC
1613/2019	06-08-2019	Conceder o permiso para a ocupación de 22 m <sup>2</sup> da vía pública ampliando a terraza concedida para o local O Recuncho durante o segundo semestre do ano 2019 na travesía da Igrexa, parroquia do Temple. ampliación dunha mesa no fronte do local e instalación de 7 mesas fronte ao local lindeiro. Solicitante: CMP
1614/2019	05-08-2019	Delegación de funcións da alcaldía dende o día 12 ao 25 de agosto de 2019, ambos os dous incluídos, no primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós
1615/2019	06-08-2019	Conceder o permiso para a ocupación de 20 m <sup>2</sup> da vía pública cunha terraza na parte traseira da cervexaría Os Templarios situada na rúa Temple, parroquia do Temple. Solicitante: ARP
1616/2019	06-08-2019	Reincorporación á xornada normal e flexibilidade horaria por filla menor
1617/2019	06-08-2019	Bases e convocatoria para a selección interino dun encargado de obras
1618/2019	06-08-2019	Realización pago prezo xusto correspondente as fincas nº 7 e 16 c) do proxecto de expropiación por taxación conxunta para a ampliación da travesía de acceso ao cemiterio de Cambre

		propiedade de HGP
1619/2019	06-08-2019	Corrección erro Resolución Alcaldía nº 1617/2019 de data 06/08/2019
1620/2019	06-08-2019	Desestimento axuda aluguer de MMMJ
1621/2019	06-08-2019	Desestimento axuda para recibos luz a DKV
1622/2019	06-08-2019	Expedientes sancionadores de tráfico
1623/2019	07-08-2019	Aprobación das liquidacións de 2019 polas escolas infantís da Barcala e do Temple
1624/2019	07-08-2019	Conceder a axuda aluguer a RMAM por importe de 132,45 euros
1625/2019	07-08-2019	Conceder a axuda 3 recibos de luz por importes de 55,68, 55,84 e 63,88 euros a MCJS
1626/2019	07-08-2019	Aceptación renuncia á concesión do dereito de uso privativo das urnas centrais sinaladas co número 53, letras A, B e C, no cemiterio municipal de Cambre
1627/2019	07-08-2019	Aprobación xestión padroal do mes de maio 2019
1628/2019	07-08-2019	Organización da XXX edición da Carreira Popular Concello de Cambre 2019
1629/2019	08-08-2019	Licenza de parcelación de finca sita en San Roque, Sta. Maria de Vigo, resultando dúas parcelas, e regularización das superficies das fincas resultantes da parcelación con exp. 11/06/13
1630/2019	07-08-2019	Reparos facturas
1631/2019	07-08-2019	Expedientes sancionadores tráfico
1632/2019	07-08-2019	Ausencia de don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, dende o día 12 ao 26 de agosto de 2019, ambos os dous incluídos
1633/2019	07-08-2019	Acordo inicio non identificación condutor
1634/2019	07-08-2019	CM : Arranxo canalón Local Social Santa María de Vigo
1635/2019	08-08-2019	Aplicación de ingreso e compensación de débedas: Taxa pola prestación do subministración de auga, sumidoiro e depuración feita por AFC con domicilio en Otero Pedraio O Temple
1636/2019	08-08-2019	Devolución de ingreso indebido en concepto de taxa pola prestación do subministración de auga, sumidoiro, lixo, depuración e canon da auga feita por Dna. MBCD
1637/2019	08-08-2019	Asignación número á vivenda sita en Espiñeiro, Brexo
1638/2019	08-08-2019	Facturas
1639/2019	08-08-2019	Conceder a axuda económica de emerxencia social. Solicitante: CJAR
1640/2019	08-08-2019	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: SPM
1641/2019	08-08-2019	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do

		proxecto. Solicitante: LLT
1642/2019	08-08-2019	Renuncia axuda lentes correctoras de AAAC
1643/2019	08-08-2019	Denegar o permiso solicitado para instalación dunha terraza durante o 3º trimestre do ano 2019 fronte ao restaurante casa Roxeiro sito no Paseo Marítimo, parroquia do Temple. Solicitante: CR, S.L
1644/2019	08-08-2019	Reposición legalidade urbanística por realización de actividade de hostelería sen licenza no pazo de Brexo, Brexo, Cambre por CJ, S.L. Novo precintado e sanción de 10.000 euros
1645/2019	08-08-2019	Subministración de ágape con motivo da clausura do torneo municipal de chave
1646/2019	08-08-2019	Denegar a axuda luz e auga por existir fiador solidario fronte a toda as obrigas do contrato de aluguer. Solicitante: MCA
1647/2019	08-08-2019	Corrección erros subministración de ágape con motivo da clausura do torneo municipal de chave

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- A.- Toma de coñecemento da Resolución da Alcaldía número 1653/2019, do día 9 de agosto de 2019, respecto da modificación designación secretaria titular mesa contratación a celebrar o vindeiro luns, 12 de agosto de 2019.

B.- Proposta de devolución de aval á empresa *El Tiburón de Curtis, S.L* adxudicataria do servizo de "Licenza de instalación e explotación dun posto de bebidas, bocadillos e outros produtos comestibles no Campo da Fera de Cambre, con motivo do XXVI Festival Rock in Cambre 2017, durante os días 18, 19 e 20 de agosto de 2017". Expediente: 2017/C006/000004

- C.- Proposta de devolución de aval á empresa *Federación Galega de Vela, S.L.* adxudicataria do "Servizo de organización e desenvolvemento dun campamento de verán no ano 2015 (prorrogable ao 2016)". Expediente: 2015/C004/000004

D.- Adxudicación ao licitador Iglesias Salud SLU, no importe de 8.642 € sen IVE, 9.506,20 € IVE incluído, da "Subministración e instalación de plataforma salvaescaleiras no Pavillón Polideportivo Municipal de O Temple". Expediente núm. 2019/C002/000208

E. Adxudicación ao licitador Desenvolvemento Local Galego S.L. (DELOGA), no importe de 14.500 € sen IVE, 17.545 € IVE incluído, do servizo "Decidámolo Xuntos 2019". Expediente núm. 2019/C002/000296

F. Contratación mediante procedemento aberto simplificado abreviado do artigo 159.6 (cun único criterio de adxudicación, factor prezo) da organización e realización da "Xuntanza do Maior" a



celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020. Expediente : 2019/C004/000016

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos catro concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

**A .- Toma de coñecemento da Resolución da Alcaldía número 1653/2019, do día 9 de agosto de 2019, respecto da modificación designación secretaria titular mesa contratación a celebrar o vindeiro luns, 12 de agosto de 2019.**

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados da Resolución de Alcaldía núm. 1653/2019, do 9 de agosto, que se transcribe literalmente a continuación:

“Vista a proposta emitida pola Concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos no día de hoxe, que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que mediante resolución da alcaldía número 1324/2019, de 1 de xullo, delegáronse na Xunta de Goberno Local as competencias como órgano de contratación respecto de:

- os contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

- a adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10% dos recursos administrativos do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria do día cinco de xullo de dous mil dezanove aprobou o expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática), da subministración de mobiliario para as novas dependencias de Servizos Sociais e do Centro social xuvenil–Casa Arrigada, no Concello de Cambre, establecendo no apartado quinto do acordo que, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

Presidente: O sr. alcalde e, como suplente, a concelleira delegada de economía, facenda e recursos humanos.

Vogais: A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.  
O coordinador de actividades culturais e educativas municipal, e como suplente, a educadora social dona Ana Paula Suárez Villaverde

Secretaria: A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación e, como suplente, a auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M<sup>a</sup> Juncal Capín Fonseca.

Visto que tanto a titular como a suplente designadas como secretarias da mesa se atopan disfrutando do seu periodo vacacional.

Visto que segundo a “resolución sobre a concesión dunha subvención ao abeiro da medida leader do PDR de Galicia 2014-2020. Convocatoria 2018-2019. Submedida 19.2”, rexistrada de entrada con data de 7 de setembro de 2018, ao número 0/6180, o prazo de execución e xustificación do lote 2 remata o vindeiro 15 de outubro de 2019.

Visto o informe emitido no día de hoxe polo animador xuvenil respecto ao lote 2 no que se informa “**favorablemente** a oferta anormalmente baixa presentada pola empresa Suministros Técnicos de Galicia S.L. por un importe total de 21.264,77 euros (sen IVE) para o lote núm. 2 “Casa Arrigada””.

Considerando, pois, necesaria a convocatoria dunha mesa de contratación para o vindeiro luns, 12 de agosto de 2019, ás 09:30, co fin de continuar coa tramitación do expediente que nos ocupa, propónse ao señor alcalde a adopción da seguinte resolución:

**Primeiro:** Avocar, de conformidade co artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas, a delegación efectuada a prol de Xunta de Goberno Local respecto da designación da secretaria titular da mesa de contratación que se celebrará o vindeiro 12 de agosto de 2019, ás 09:30 horas.

**Segundo:** Designar secretaria titular da mesa de contratación que se celebrará o vindeiro luns, 12 de agosto de 2019, ás 09:30 horas, á técnica de xestión de administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

**Terceiro:** Dar conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno na seguinte sesión que teña lugar e publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia”.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

**Primeiro:** Avocar, de conformidade co artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas, a delegación efectuada a prol de Xunta de Goberno Local respecto da designación da secretaria titular da mesa de contratación que se celebrará o vindeiro 12 de agosto de 2019, ás 09:30 horas.



**Segundo:** Designar secretaria titular da mesa de contratación que se celebrará o vindeiro luns, 12 de agosto de 2019, ás 09:30 horas, á técnica de xestión de administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

**Terceiro:** Dar conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno na seguinte sesión que teña lugar e publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia.”

**B.- Proposta de devolución de aval á empresa *El Tiburón de Curtis, S.L* adxudicataria do servizo de “Licenza de instalación e explotación dun posto de bebidas, bocadillos e outros produtos comestibles no Campo da Feria de Cambre, con motivo do XXVI Festival Rock in Cambre 2017, durante os días 18, 19 e 20 de agosto de 2017”. Expediente: 2017/C006/000004**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de agosto de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 17 de agosto de 2017, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade “El Tiburón de Curtis, S.L.”, para a prestación do servizo da “Licenza de instalación e explotación dun posto de bebidas, bocadillos e outros produtos comestibles no Campo da Feria de Cambre, con motivo do XXVI Festival Rock in Cambre 2017, durante os días 18, 19 e 20 de agosto de 2017”.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva por transferencia bancaria da entidade Banco Santander, de data 14/08/2017 e importe de 275,00 euros, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable dende a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o concello fixese ningunha obxeción ou reparo, este segundo informe favorable emitido polo coordinador de Cultura e Educación, coa data do 14 de setembro de 2018.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 4 de xuño de 2019.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade, “El Tiburón de Curtis, S.L.”, con NIF B15704052 no expediente número 2017/C006/000004 para a prestación do servizo da “Licenza de instalación e explotación dun posto de bebidas, bocadillos e outros produtos comestibles no Campo da Feria de Cambre, con motivo do XXVI Festival Rock in Cambre 2017, durante os días 18, 19 e 20 de agosto de 2017”.

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**C.- Proposta de devolución de aval á empresa *Federación Galega de Vela, S.L.* adxudicataria do "Servizo de organización e desenvolvemento dun campamento de verán no ano 2015 (prorrogable ao 2016)". Expediente: 2015/C004/000004**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de agosto de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto que con data 01 de xullo de 2015, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade "*Federación Galega de Vela, S.L.*", para a prestación do "Servizo de organización e desenvolvemento dun campamento de verán no ano 2015 (prorrogable ao 2016)".

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva na Tesourería Municipal, con número de rexistro 615, de data 17/06/2015 e importe de 4.000,00 euros, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable dende a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o concello fixese ningunha obxeción ou reparo, esto segundo informe favorable emitido polo coordinador de Cultura e Educación, coa data do 14 de setembro de 2018.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 4 de xuño de 2019.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade, “Federación Galega de Vela, S.L.”, con NIF G36644862 no expediente número 2015/C004/000004 para a prestación do “Servizo de organización e desenvolvemento dun campamento de verán no ano 2015 (prorrogable ao 2016)”.

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**D.- Adxudicación ao licitador Iglesias Salud SLU, no importe de 8.642 € sen IVE, 9.506,20 € IVE incluído, da “Subministración e instalación de plataforma salvaescaleiras no Pavillón Polideportivo Municipal de O Temple”. Expediente núm. 2019/C002/000208**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de agosto de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 18/07/2019 elaborouse por Alexandre Fernández Fernández, coordinador deportivo municipal, memoria valorada correspondente á “Subministración e instalación de plataforma salvaescaleiras no Pavillón Polideportivo Municipal de O Temple”, cun de 10.200 €, máis 10% de IVE, 11.220 €, IVE incluído.

Con data 18/07/2019 emítase proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo técnico coordinador de Actividades culturais e educativas e polo alcalde, motivado na necesidade da contratación para dispor dunha axeitada accesibilidade de toda a cidadanía ao Pavillón Polideportivo Municipal de O Temple, especialmente para os usuarios do CEIP O Graxal, posto que para acceder á pista polideportiva deben baixar obrigatoriamente por unha escaleira de máis de 20 chanzos. A instalación dunha plataforma salvaescaleiras soluciona as dificultades de acceso ao citado espacio deportivo para persoas con mobilidade reducida, tanto nas clases de educación física como nas actividades extraescolares, e posibilita especialmente o acceso aos usuarios en cadeira de rodas, actualmente privados deste dereito. Isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP e Resolución de Alcaldía núm. 872/2018, do 3 de maio.

Con data 24/07/2019 emítase informe pola Intervención municipal de consignación orzamentaria axeitada e suficiente na aplicación orzamentaria 2019 342 62200 e de que dúas das empresas ás que se ten previsto solicitar oferta non consta que teñan subscrito contratos que superen a cifra prevista no artigo 118 da LCSP, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local. Sen embargo, respecto de Iglesias Salud S.L.U. constan contratacións anteriores no presente exercicio que superan os límites establecidos no artigo 118 da LCSP, polo que se solicita informe no que se xustifique axeitadamente que as prestacións son completamente diferentes e non supoñen fraccionamento do obxecto, aínda que sexa un mesmo tipo de contrato, tal e como establece a Instrucción 1/2019, de 28 de febreiro, sobre contratos menores regulados pola LCSP emitida pola Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación (BOE nº57 de 7/3/2019), en concreto na Instrucción I: Ámbito obxectivo das limitacións establecidas no artigo 118.3 da LCSP, Natureza excepcional do contrato menor e criterios de distinción do posible fraccionamento da prestación.

Con data 26/07/2019 emítase informe asinado polo coordinador deportivo e polo técnico coordinador de Actividades culturais e educativas no que se xustifica que as dúas contratacións anteriores con Iglesias Salud S.L.U. non supoñen un fraccionamento do obxecto do contrato, xa que teñen un obxecto cualitativamente distinto, nun caso a "Subministración dun cambiador de cueros para o CF Dani Mallo" (exp.2019/C002/000089) e noutro a "Subministración e instalación dunha grúa para a piscina Handi-Move 3200" (exp. 2019/C002/000090).

Con data 7/08/2019 emítase informe polo técnico coordinador de Actividades culturais e educativas no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- AMGECABE SL
- IGLESIAS SALUD SLU
- ORTOCLICK646 SLL

e que presentou oferta unicamente a seguinte empresa:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
IGLESIAS SALUD S.L.U.	8.642 €	9.506,20 €

formulando proposta de adxudicación da “Subministración e instalación de plataforma salvaescaleiras no Pavillón Polideportivo Municipal de O Temple”, á empresa Iglesias Salud SLU , con NIF B94112778, domicilio en Avda. Marín nº 22 – Cangas do Morrazo (Pontevedra), no prezo ofertado de 8.642 € sen IVE, 9.506,20 € IVE incluído, por ser a única empresa que presentou oferta, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Achégase ao informe a declaración responsable do licitador, documentación acreditativa da capacidade de obrar, certificados de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social (ou se comprobou dende o Departamento de Contratación os ditos requisitos).

Con data 9 de agosto actual emítase informe polo Coordinador de actividades culturais e educativas, no que faise constar que para o subministro esta concedida unha subvención de 50% a través da medida Leader do programa de Desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 e que o prazo de xustificación da subvención finaliza o 1 de outubro de 2019.

Faise constar igualmente, que segundo informe de 3 de Abril de 2019 emitido por Dona M<sup>a</sup> Fernanda Montero Carré, técnica de xestión de administración xeral, o contrato, tendo en conta o seu valor estimado, ten a consideración de contrato menor.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

O artigo 25.1 a) da dita lei establece que:

“1. Terán carácter administrativo os contratos seguintes, sempre que os subscriba unha Administración pública:

a) Os contratos de obra, concesión de obra, concesión de servizos, subministración e servizos. Con todo, terán carácter privado os seguintes contratos:

1.º Os contratos de servizos que teñan por obxecto servizos financeiros con número de referencia CPV de 66100000-1 a 66720000-3 e os que teñan por obxecto a creación e interpretación artística e literaria e os de espectáculos con número de referencia CPV de 79995000-5 a 79995200-7, e de 92000000-1 a 92700000-8, excepto 92230000-2, 92231000-9 e 92232000-6.

2.º Aqueles cuxo obxecto sexa a subscrición a revistas, publicacións periódicas e bases de datos.”

Visto canto antecede e o informe favorable emitido pola secretaria xeral municipal de data 12 de agosto de 2019, por parte desta Alcaldía considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP, respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais

de contratación, e que o contratista non ten subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar a memoria da “Subministración e instalación de plataforma salvaescaleiras no Pavillón Polideportivo Municipal de O Temple” cun orzamento de orzamento de 10.200 €, máis 10% de IVE, 11.220 €, IVE incluído así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2019 342 62200 “*Instalacións deportivas*”.

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2019/C002/000208, da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adxudicar o contrato da Subministración e instalación de plataforma salvaescaleiras no Pavillón Polideportivo Municipal de O Temple., con NIF B94112778, domicilio en Avda. Marín nº 22 – Cangas do Morrazo (Pontevedra), no prezo ofertado de 8.642 € sen IVE, 9.506,20 € IVE incluído, por ser a única empresa que presentou oferta, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Designar como responsable do contrato ao coordinador de Actividades culturais e educativas, José Luís Martínez Názara, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Setimo:** Notifíquese ao coordinador de Actividades culturais e educativas, José Luís Martínez Názara, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**E. Adxudicación ao licitador Desenvolvemento Local Galego S.L. (DELOGA), no importe de 14.500 € sen IVE, 17.545 € IVE incluído, do servizo “Decidámolo Xuntos 2019”. Expediente núm. 2019/C002/000296**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de agosto de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 19/07/2019 elaborouse por Ricardo Puertas Mosquera, educador social municipal, memoria valorada correspondente ao servizo de “Contratación do proceso participativo *Decidámolo Xuntos 2019*”, cun orzamento de 18.029,00 €, IVE incluído.

Con data 19/07/2019 emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo educador social municipal, a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos e polo alcalde, motivado na necesidade de dotar ao documento dos orzamentos municipais dun carácter participativo no que a veciñanza de Cambre participe no seu deseño e toma de decisións, canalizando así todas as propostas achegadas co fin de orientar do mellor xeito posible as inversións nos devanditos orzamentos; isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP e Resolución de Alcaldía núm. 872/2018, do 3 de maio.

Con data 19/07/2019 emítese informe polo interventor municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 924 227 99 e de que as empresas incluídas na lista de ofertas a remitir non consta que teñan subscrito contratos que superen a cifra prevista no artigo 118 da LCSP, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 1/8/2019 emítese informe polo educador social municipal no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- Camilo Fernández González (Inzarede)
- Desenvolvemento Local Galego S.L. (DELOGA)
- Os Ventos, innovación e servizos S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Desenvolvemento Local Galego S.L. (DELOGA)	14.500 €	17.545 €

Segundo consta no dito informe, o licitador Camilo Fernández González con NIF 50722960W presentou a súa oferta por vía telemática o 29 de xullo de 2019, incumplindo así as instrucións incluídas na invitación cursada, na que se especificaba que as ofertas debían ser presentadas en sobre pechado no Rexistro de entrada do Concello de Cambre, situado na planta baixa da casa do Concello, non considerándose por este motivo admisible a súa oferta; formulando proposta de adjudicación do servizo de "Contratación do proceso participativo *Decidámolo Xuntos 2019*", a Desenvolvemento Local Galego S.L. (DELOGA), con NIF B70292081, domicilio no Centro de Negocios MANS, Polígono industrial de Pocomaco, 5ª avenida nº 91 - 15190 A Coruña, no prezo ofertado de 14.500 € sen IVE, 17.545 € IVE incluído, por ser a única oferta presentada en tempo e forma.

Achégase ao informe a declaración responsable do licitador, documentación acreditativa da capacidade de obrar, certificados de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

No informe emitido o 19 de xullo polo interventor consta que non se trata de una necesidade permanente ni reiterada no tempo, e fiscalízase de conformidade.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

O artigo 25.1 a) da dita lei establece que:

"1. Terán carácter administrativo os contratos seguintes, sempre que os subscriba unha Administración pública:

a) Os contratos de obra, concesión de obra, concesión de servizos, subministración e servizos. Con todo, terán carácter privado os seguintes contratos:

1.º Os contratos de servizos que teñan por obxecto servizos financeiros con número de referencia CPV de 66100000-1 a 66720000-3 e os que teñan por obxecto a creación e interpretación artística e literaria e os de espectáculos con número de referencia CPV de 79995000-5 a 79995200-7, e de 92000000-1 a 92700000-8, excepto 92230000-2, 92231000-9 e 92232000-6.

2.º Aqueles cuxo obxecto sexa a subscripción a revistas, publicacións periódicas e bases de datos."



Visto canto antecede e o informe favorable emitido pola secretaria xeral municipal de data 12 de agosto de 2019, por parte desta Alcaldía considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP, respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten suscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar a memoria do servizo “Decidámolo Xuntos 2019” cun orzamento 18.029,00 €, IVE incluído así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 924 227 99 “*Outros servizos comunitarios, socialis o personais*”

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2019/C002/000296, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** : Adxudicar o contrato do servizo de contratación do proceso participativo “*Decidámolo Xuntos 2019*”, a Desenvolvemento Local Galego S.L. (DELOGA), con NIF B70292081 e domicilio no Centro de Negocios MANS, Polígono industrial de Pocomaco, 5ª avenida nº 91 - 15190 A Coruña, no prezo ofertado de 14.500 € sen IVE, 17.545 € IVE incluído, por ser a única oferta presentada en tempo e forma..

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Designar como responsable do contrato a Ricardo Puertas Mosquera, educador social municipal, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada

**Setimo:** Notifíquese a Ricardo Puertas Mosquera, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**F. Contratación mediante procedemento aberto simplificado abreviado do artigo 159.6 (cun único criterio de adxudicación, factor prezo) da organización e realización da “Xuntanza do Maior” a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020. Expediente : 2019/C004/000016**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de agosto de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Pola coordinadora de Servizos Sociais municipal, con data 29 de xullo de 2019, elaborouse a memoria xustificativa na que consta a necesidade e idoneidade da contratación da organización e realización da “Xuntanza do Maior” a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020. Na antedita memoria xustifícase a insuficiencia de medios para a execución do contrato, así como a xustificación da non división en lotes do obxecto do contrato.

Consta o informe emitido pola mesma funcionaria con data do 29 de xullo de 2019, relativo aos criterios de valoración e os criterios para apreciación da solvencia económica e técnica dos licitadores .

Con data do 30 de xullo elaborouse o prego de prescricións técnicas particulares para a contratación mediante procedemento aberto simplificado da contratación da organización e realización da “Xuntanza do Maior”, cun orzamento base de licitación de 36.365,14 euros e un valor estimado de 31.348,86 euros

Consta documento de retención de crédito (RC) emitido o 31 de xullo de 2019 pola Intervención municipal, respecto da existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 231.22611.

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 31 de xullo de 2019, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado , de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola Secretaría e Intervención municipais, de data 12 de agosto de 2019, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, en uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o cumprimento das competencias que ten atribuídas o Concello, en materia de ocupación do tempo libre e promoción da cultura, (art. 25.2 apartados l) e m) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local), toda vez que dende a Concellería de Benestar Social venise programando actividades dirixidas ás persoas da terceira idade co obxectivo de fomentar a participación e encontro social entre este colectivo, coa finalidade de desenvolver actividades lúdicas e recreativas que motiven á terceira idade para ocupar o seu tempo de lecer, tal e como consta na memoria xustificativa que obra no expediente, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2019/C004/000016, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación : factor prezo, correspondente á organización e realización da “Xuntanza do Maior” a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020, cun valor estimado de 31.348,86 euros e un orzamento base de licitación de 36.635,14 euros, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.6 da LCSP.

**Terceiro:** Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 231.22611, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

**Cuarto:** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

**Quinto:** Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.



**Sexto:** Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Juan González Leirós

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia